

Luis
Rodríguez
Ennes

Decano da
facultade de Dereito
da Universidade de Vigo

O Tribunal Superior de Xustiza e a Comunidade Autónoma*

I

O establecemento dun verdadeiro sistema autónomo, dunha real autonomía política, supón un novo xeito de articulación do poder estatal. Este, nas súas diversas manifestacións, deixa de ser monopolizado por uns únicos centros decisorios e amósase como o resultante dunha pluralidade organizadora no marco da Constitución, o que vén supoñe-la ruptura do monopolio dos organismos centrais, tanto polo que respecta á creación como á aplicación do dereito e á substitución por unha articulación pluralista. Os criterios xerárquico-verticalistas na organización e actuación dos poderes do Estado son substituídos por outros de carácter horizontal-competencialista. A autonomía política entendida como autogoberno concrétese nun Estado uni-

* Relatorio presentado na V Xornada sobre o Estatuto de autonomía de Galicia, organizada pola Escola Galega de Administración Pública. Ourense-Lugo, abril 1995.

tario, e non federal, nunha potestade lexislativa, nunha dirección política autónoma do órgano de Goberno, na creación e funcionamento dunha Administración propia e nuns órganos xurisdiccionais axeitados ás novas posibilidades normativas da autonomía e ás súas necesidades reais.

Sen embargo, o que en principio se amosa pacífico para as potestades lexislativas, de dirección política e de adecuación administrativa, aínda que a teórica aceptación se pretenda desvalorizar no desenvolvemento legal e na concreta praxe política, revístese dun aire moito máis polémico verbo da articulación do poder xudicial, facendo aparecer dogmáticamente como eido irrenunciabile da soberanía do Estado, o que, en realidade, non é senón un mero problema de técnica organizativa ou, en todo caso, unha manifestación dunha determinada ideoloxía sobre a función xurisdiccional. Como di Carlos Jiménez Villarejo: “el avance hacia la plena modernización y democratización del Poder Judicial pasa inevitablemente por su acomodación al proceso autonómico.

El Estado de las Autonomías no puede dejar de afectar al conjunto de las instituciones del Estado, incluídas las del Estado central, so pena de que algunas de ellas, como podría ser el Poder Judicial, puedan seguir funcionando como islotes de centralismo que no terminan de asumir los principios y rasgos esenciales del sistema democrático”.

II

A Constitución da II República que, en puridade, como sinala o profesor González Casanova, non lles concede ás rexións españolas autonomía ningunha, xa que lle transmitiu ás Cortes a potestade de deliberar verbo de cómo teñen que se-los posibles estatutos rexionais en cada caso, sen que, por outra banda, estableza un listado de competencias exclusivas da rexión, non consideraba a administración de xustiza como competencia exclusiva do Estado e soamente facía, no número 11 do artigo 14, unha referencia á xurisdicción do Tribunal Supremo, “salvo as atribucións que se lles recoñezan ós poderes rexionais”. A non atribución en exclusiva da administración de xustiza ós poderes centrais, permitiu que nos estatutos aprobados polas

Cortes, o vasco e o catalán e o galego, aprobado en referendo, os poderes autonómicos tivesen unhas amplas facultades para axeita-la función de xulga-las peculiaridades e necesidades da rexión, facultades que atinxían, non soamente á propia organización e funcionamento da administración de xustiza, senón tamén á competencia dos órganos xurisdiccionais, en particular polo que respecta ós recursos.

En Galicia, adoptouse a fórmula do Estatuto catalán, reiterada logo no vasco, de establece-la competencia para organizar en xeral a administración de xustiza, agás as xurisdiccións castrenses, se ben subordinada non só ó respecto, obvio, da Constitución, senón tamén das leis procesuais e ata orgánicas do Estado, excepción esta última –como axeitadamente subliña Vilas Nogueira– que a privaba de grande parte da súa posible transcendencia práctica.

O inciso final do dito artigo 13 atribuíalle a unha Sala especial o tratamento dos recursos de casación nos asuntos referentes ó dereito foral, e a outra Sala, a resolución en última instancia, do contencioso-administrativo rexional. Hoxe en día, no vixente Estatuto, só queda na xurisdicción de Galicia o recurso de casación verbo do dereito civil especial.

A, digamos, menor “altura autonómica” da Constitución de 1931, permitiu, sen embargo, unhas maiores posibilidades no que atinxe á administración de xustiza que as existentes na Constitución de 1978, moito máis restrictiva neste aspecto e aínda máis no desenvolvemento legal, e iso, non tanto por unha aceptación dogmática de administración de xustiza como recuncho irrenunciable da soberanía do Estado, senón por manter unhas técnicas organizativas que permitan recuperar por vía xudicial as conquistas autonómicas acadadas por outros aparatos do Estado.

Diferentes son os principios dos que parte a Constitución de 1978, tributaria dunha concepción nidiamente estatalista, aínda que mellor sería dicir centralista, verbo da organización do poder xudicial. O artigo 149, 1-5º considera a administración de xustiza como competencia exclusiva do Estado, o que significa, en principio, conferirlle a aquelas competencias legislativas e regulamentarias sobre a materia.

III

Sería un estéril esforzo voluntarista negar, despois da doutrina sentada polo Tribunal Constitucional en diversas e recoñecidas resolucións (STC do 14-VIII-1981, 22-VI-1982, 29 e 30 de marzo de 1990) que o poder xudicial é único para todo o Estado e que, en consecuencia, xamais poderá falarse dun poder xudicial (ou duns órganos xudiciais) nas autonomía. Tampouco os tribunais superiores de xustiza que son o órgano xudicial, o único, claramente vinculado cos valores e principios autonómicos, poden considerarse como unha manifestación do poder político das comunidades autónomas, senón como un elemento máis da organización xudicial única, e iso a pesar da súa colocación sistemática no título VIII, capítulo III, que trata precisamente das comunidades autónomas, e de amosarse no artigo 152 como un dos elementos distintivos da organización institucional dos estatutos aprobados polo procedemento do artigo 151.

Pero tampouco ten que descoñecerse que os tribunais superiores de xustiza teñen unha especial peculiaridade e que, malia formar parte dun poder xudicial único e común a todo o Estado, non deixa de incidir na súa composición e funcionamento a nova configuración política do Estado. Os tribunais superiores de xustiza son, como di Baño León, órganos xudiciais do Estado, pero non só iso, senón tamén órganos xudiciais das comunidades autónomas e que, aínda con sobranceiras cautelas, constitúen a proxección do novo sistema constitucional de ordenación normativa do Estado no poder xudicial.

Nas liñas que veñen a seguir voume referir a ese tecido autonómico dos tribunais superiores de xustiza con especial atención ó da nosa Comunidade.

IV

O artigo 152 da Constitución dispón: “1. Parágrafo segundo. Un tribunal superior de xustiza, sen prexuízo da xurisdicción que lle corresponde ó Tribunal Supremo, culminará a organización xudicial no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Parágrafo terceiro. Sen prexuízo do disposto no artigo 123, as sucesivas instancias procesuais, no seu caso, esgotaranse ante órganos xudiciais radicados

no mesmo territorio da Comunidade Autónoma no que estea o órgano competente en primeira instancia”.

Como podemos colixir, recolle este artigo, e non precisamente no título VI, regulador do poder xudicial, senón no VIII, que atinxe á organización territorial do Estado e no seu capítulo terceiro, verbo das comunidades autónomas, a referencia institucional ós tribunais superiores de xustiza.

Prescindindo, neste momento, da loita que levou consigo o seu encadramento sistemático, en canto a se realmente eran órganos propios do poder xudicial estatal, formando parte do seu organigrama, ou se, pola contra, asumían natureza autonómica constituíndose como propios da autonomía; así como doutro tipo de críticas, o feito evidente é que a súa implantación supón unha importante novidade. Trátase, nembargantes, dunha novidade que ten que ser tomada na súa exacta medida, cualificada polas circunstancias da súa xeneralización nas distintas comunidades autónomas nas que se está a estrutura-lo territorio español, agás a Rioxa. E é que os que estivemos antes nun tribunal semellante nos atopamos nas tres comunidades históricas, Galicia, Euscadi e Cataluña. Aínda que os dous primeiros, por acontecementos históricos de todos coñecidos, non chegaron a ter auténtica virtualidade de seu, non sucedeu outro tanto na Generalitat catalana, que durante anos tivo o seu “propio” Tribunal.

Foron, precisamente, a lembranza deste último e a ideoloxía nacionalista catalana os factores determinantes, polo menos formalmente, dos actuais tribunais superiores de xustiza, xa que foi o velado intento da súa restauración o que levou a que o último texto constitucional recollese un precepto como o artigo 152 ó que nos estamos a referir. Os tribunais superiores de xustiza non se amosan no Borrador do texto constitucional, publicado nos xornais do 25-XI-77, nin no Anteproxecto publicado no *Boletín Oficial de las Cortes* do 5 de xaneiro de 1978, nin no texto modificado do Anteproxecto tralo informe da Ponencia, publicado o 17-IV-78. É na Comisión de Asuntos Constitucionais e Liberdades Públicas do Congreso cando, o 16-VI-78, xorde a idea do Tribunal Superior de Xustiza, mediante unha emenda *in voce* proposta polo grupo Minoría Catalana.

Isto fainos pensar que, aínda que na intencionalidade do constituínte español se atopaba moi nidiamente subliñada

a idea de articula-lo que máis adiante se chamou “Estado das autonomías” ou “Estado complexo”; non o era así en canto a que nelas houbera de establecer un órgano xurisdiccional das características coas que, finalmente, foi configurado.

A emenda é aprobada sen grande rexeitamento e pasa ó actual artigo 152 do texto constitucional, recibíndose en tódolos estatutos –agás o da Rioxa– malia algunha oposición doutrinal e o sonado informe dos expertos, que non tivo moito éxito, alomenos nesta materia. Así, esta emenda (que máis tarde foi aprobada) traducíase na proposta de creación dun novo órgano xurisdiccional, que formulaba unha morea de interrogantes que non chegaron a resolverse axeitadamente no desenvolvemento das discusións respectivas, nin se reflectían nos seus resultados. Polo de pronto, non se sabía realmente qué ía suceder coas audiencias territoriais, ás que xa non se facía referencia ningunha; e este silencio podía supor: ou a súa desaparición, sendo substituídas polos novos tribunais; ou a súa coexistencia con estes, mantendo as súas propias funcións, ou as que se puideron ir determinando.

Por outra banda, aqueles batían, aparentemente, coas funcións de casación do Tribunal Supremo xa que, aínda cando se lle preservaban dun xeito expreso, tal reserva de atribucións non encaixaba ben coa presenza duns órganos que se amosaban vagamente como de “casación autonómica”. E isto malia os desmentidos dos propios emendantes, con manifestacións de calculada ambigüidade como a de que “ante ellos (os T.S.X.) se agotan las sucesivas instancias procesales iniciadas en la Comunidad”, por suposto, sen prexuízo “de la competencia del Tribunal Supremo y, por lo tanto, muy claramente del recurso de casación”; ou que “conocerán todas aquellas pretensiones que se agotan en órganos jurisdiccionales que no son el Tribunal Supremo”, expresións todas que permiten moi diversas interpretacións.

Sen embargo, e aínda cando as súas xustificacións non se amosan demasiado nidias, a emenda, como xa se ten dito, é aceptable, vindo a supoñe-la configuración duns tribunais con competencias moi pouco definidas, pero que parecen apuntar a cuestións vinculadas co dereito “específico” das comunidades autónomas. E así mantense no texto constitucional.

Pero os estatutos non se limitaron a establece-la previsión do Tribunal Superior de Xustiza, senón que foron moito máis alá e, ó mesmo tempo que regulamentaban atribucións dos poderes autonómicos polo que respecta á denominada "administración da administración de xustiza", regulamentaban as competencias e algúns aspectos da organización dos tribunais superiores de xustiza (*vid. ad exemplum*: artigo 22 do noso Estatuto, 14 do vasco e 20 do catalán).

Máis tarde, a Lei orgánica do poder xudicial, no seu artigo 70 e seguintes, veu a darlles unha sorte de xeneralidade ás previsións estatutarias, dun xeito bastante respectuoso con aquelas, e a Lei de planta e demarcación completou, nalgúns casos desbordándoos, os preceptos da Lei orgánica do poder xudicial no artigo 53 e ss. Por iso, a loita sostida nestes derradeiros anos, acerca da validez constitucional das normas estatutarias sobre a organización e competencia dos órganos xudiciais radicados no territorio das respectivas comunidades, ten hoxe un pequeno interese ó terse pronunciado xa verbo da cuestión o Tribunal Constitucional, nas súas sentencias número 56 e 62 do ano 1990.

No proxecto inicial da Lei orgánica do poder xudicial, os tribunais superiores integrábanse por unha ou varias audiencias territoriais (isto último soamente en Andalucía e Castela-León) e pola Sala de Recursos, á que se lle asignaba competencia para ocuparse dos recursos de casación e revisión na orde civil e contencioso-administrativa, verbo do dereito específico da Comunidade Autónoma. No debate da Comisión esmorecen as audiencias territoriais, as competencias civís das cales pasan ás audiencias provinciais e o Tribunal Superior acada unha substantividade de seu; aínda que, na miña opinión, isto non significa unha maior calidade autonómica, xa que, en definitiva, as súas atribucións veñen a se-las mesmas que tiñan no proxecto inicial a Audiencia Territorial e a Sala de Recursos. Identificar, como fai algún autor, centralismo coa postura favorable ó mantemento das audiencias territoriais e autonomismo coa súa desaparición, parece excesivamente simplista xa que é ficar nun puro nominalismo, se non se entra a examinar cal é a maior "calidade" autonómica dos tribunais superiores de xustiza verbo da previsión do Proxecto inicial de audiencias territoriais máis Sala de Recursos.

Aínda que, de pasada, convén subliñar que a eliminación total das audiencias territoriais pode incluso formular,

aínda que o certo é que en realidade ningún o cuestionou, un problema de inconstitucionalidade da Lei orgánica do poder xudicial neste punto concreto.

En efecto, a disposición adicional cuarta da Constitución di que “nas comunidades autónomas onde teñan a súa sede máis dunha audiencia territorial (Andalucía e Castela-León), os estatutos de autonomía respectivos **poderán mante-las existentes**, distribuíndo as competencias entre elas, sempre de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e dentro da unidade e independencia deste”.

Esta previsión constitucional foi incluída no Estatuto de autonomía andaluz no artigo 48.2: “mantéñense as audiencias territoriais de Granada e Sevilla, quedando formalmente integradas na estrutura e organización do Tribunal Superior”, normativa que non foi respectada pola Lei orgánica do poder xudicial. Isto supón, na miña opinión, unha evidente alteración do “bloque constitucional” constituído, como ten dito reiteradamente o Tribunal Constitucional, pola Constitución e os estatutos de autonomía, sempre que estes se movan dentro dos lindeiros constitucionais.

V

Os tribunais superiores de xustiza son, como xa se ten dito, órganos dun poder único de carácter estatal dentro do territorio dunha Comunidade Autónoma. Sen embargo, o seu real significado, a súa total xustificación, non pode atoparse soamente nunha finalidade de axeitamento do servizo público da xustiza ás necesidades dos xustizables, senón que a súa configuración estrutural (aspecto estático) e as súas competencias e atribucións (aspecto dinámico) están, de certo xeito, vinculadas ós poderes institucionais da Comunidade Autónoma e ó ordenamento propio que xorde daqueles.

A) **O ámbito territorial** dos tribunais superiores de xustiza ten un significado semellante ó que poden ter as circunscricións do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional (nas materias de que se ocupa), e moi diverso do que representaba o territorio para as antigas audiencias territoriais, no que actuaba como elemento para a delimitación espa-

cial de competencias; en tanto que para os tribunais superiores de xustiza, o territorio constitúe o soporte da institución política constitucional do autogoberno dunha determinada Comunidade Autónoma, cunha evidente indispoñibilidade para os poderes estatais.

O territorio da Comunidade Autónoma é, a semellanza do Estado, un elemento constitucional básico e non, como ocorre coa provincia, unha consecuencia da agrupación de municipios e unha división territorial para o cumprimento das funcións estatais. Así como a alteración dos lindeiros provinciais pode facerse por unha lei orgánica, e a dos municipios por leis da respectiva comunidade, a alteración dos lindeiros das comunidades autónomas, de absoluta improbabilidade no plano político, tería en todo caso que facerse polo rixido procedemento de modificación dos respectivos estatutos. O vínculo entre Tribunal Superior de Xustiza e territorio da Comunidade Autónoma é absoluto, mentres que é relativo e funcional o dos outros órganos xudiciais, agás o Tribunal Supremo e a Audiencia Nacional, verbo das súas respectivas circunscricións territoriais.

Esta circunstancia dos ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma e do Tribunal Superior de Xustiza ten un carácter de xeneralidade e non obsta que poidan crearse salas do contencioso-administrativo ou do social, con xurisdicción limitada a unha ou varias provincias da mesma Comunidade Autónoma, na capital da cal terán a súa sede. Un precepto de difícil entendemento, xa que cando se trata de varias provincias é evidente que hai tamén diversas capitais e haberá que fixar en qué capital terán a súa sede as salas descentralizadas.

B) A imbricación entre o Tribunal Superior de Xustiza e a autonomía política vese tamén no sistema de organización e designación dos membros das diversas salas e do presidente do Tribunal.

Ningunha referencia hai na Constitución ós membros destes tribunais, como si a hai nos diversos estatutos verbo do nomeamento e condicións que deben reuni-los presidentes e maxistrados. Así, no artigo 23.1 do noso Estatuto atribúeselle o seu nomeamento ó rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. Polo que atinxe ós demais maxistrados, o artigo 25 di que: “na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de maxistrados, xuíces,

secretarios xudiciais, fiscais e tódolos funcionarios ó servizo da Administración de xustiza, será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do país”.

O tecido autonómico dos tribunais superiores de xustiza verba da súa composición, amósase como unha grande novidade na Lei orgánica do poder xudicial, sen existencia previa de mandamento constitucional ou autonómico. O artigo 330.3 da Lei orgánica do poder xudicial, xunto co novo sistema de elección dos xuíces de paz, son as únicas normas nas que a lexislación procedente da elección popular incide no nomeamento dos titulares da *potestas iurisdictionalis*.

O artigo 330.3 da Lei orgánica do poder xudicial dispón que na Sala do Civil e Penal dos tribunais superiores de xustiza unha de cada tres prazas se cubrirá cun xurista de recoñecido **prestixio** con máis de dez anos de exercicio profesional na Comunidade Autónoma, nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial de entre unha terna presentada pola Asemblea Lexislativa; as restantes prazas serán cubertas por maxistrados nomeados a pedimento do Consello Xeral do Poder Xudicial entre os que leven cinco anos na categoría e teñan especiais coñecementos de dereito civil, foral ou especial da Comunidade Autónoma.

Verbo dos requisitos que se esixen: “xurista de recoñecido prestixio con máis de dez anos de exercicio profesional”, o dato do “recoñecido prestixio” é un concepto xurídico indeterminado de moi subxectiva apreciación e, en definitiva, hai que ser realistas, será a correlación de forzas nas asembleas a determinante do “recoñecido prestixio”. Máis obxectivables son as esixencias do exercicio profesional como xurista, condición que non pode reducirse á actividade de avogado e si estenderse a tódolos que aplican ou ensinan o dereito, así como o requisito temporal de dez anos, que non ten por qué entenderse ininterrompido, xa que a lei non esixe esta condición.

Verbo destes requisitos, resulta dalgún xeito sorprendente que ós maxistrados saídos da terna asemblearia, nos que debe presumirse que a súa proposta está determinada por unha certa imbricación no tecido social e cultural da Comunidade Autónoma, non se lles esixa, como un dos méritos, o coñecemento do dereito civil, foral ou especial propio, esixencia que si existe para os demais maxistrados da Sala

do Civil e Penal e para o presidente do Tribunal Superior de Xustiza (artigos 330.3 e 341.1 da Lei orgánica do poder xudicial e 32.5 da Lei de planta e demarcación) e tamén para os presidentes das audiencias provinciais nas comunidades con dereito propio.

C) O Estado composto que se está a articular na nosa Constitución intégrase por unha morea de organizacións territoriais con potestade de darse cada unha un ordenamento interno e propio, separado e distinto do ordenamento xeral do Estado, vinculado á Constitución a través do principio de competencia, especificidade ornamental que malia a unidade do poder xudicial, modula e inflúe, como imos ver, as competencias duns órganos daquel poder como son os tribunais superiores de xustiza.

1º) A Constitución non dicía nada verbo das competencias dos tribunais superiores de xustiza. No artigo 152 limítábanse a establecer que nos estatutos aprobados polo procedemento do artigo 151, a organización institucional tiña que basearse nunha Asemblea Lexislativa, un Consello de Goberno, un presidente e un Tribunal Superior de Xustiza, que, sen prexuízo da xurisdicción que amosa o Tribunal Supremo, lle dará vía á organización xudicial no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Así mesmo, e polo que respecta, non ó propio Tribunal Superior de Xustiza, senón á organización xudicial na Comunidade Autónoma, dise no inciso último do apartado 1º do artigo 152 que “sen prexuízo do disposto no artigo 123 (que se refire ó Tribunal Supremo como órgano xurisdiccional superior en tódalas ordes), as sucesivas instancias procesuais, no seu caso, esgotaranse ante órganos xudiciais radicados no mesmo territorio da Comunidade Autónoma no que está o órgano competente en primeira instancia”.

Con tan miúdo abeiro constitucional os diversos estatutos, promulgados todos eles antes da Lei orgánica do poder xudicial, entraron a regula-las competencias dos diversos órganos xurisdiccionais na Comunidade Autónoma (entre eles o noso, que o fai no seu artigo 22) e, incluso, a establecer algo que contrariaba o disposto na Constitución e que distorsionaba a normativa orgánica e procesual, como era a obrigatoriedade de que tódalas instancias procesuais “esgotaranse ante o Tribunal Superior de Xustiza” (así, o artigo 21 do Estatuto galego, concordante neste sentido co 19 do Estatuto de Cataluña e co 48 de Andalucía), sendo así que

a esixencia constitucional era que o esgotamento das instancias tiña que ter lugar ante “órganos xudiciais radicados no mesmo territorio da Comunidade Autónoma”.

A polémica que espertou esta regulamentación nos diversos estatutos tivo unha evidente importancia teórica e os reparos dos autores que se estiveron a ocupar do tema baseábanse fundamentalmente en dous datos: ilexitimidade constitucional dos estatutos para regular anticipadamente unha materia que se amosaba máis axeitada á vindeira Lei orgánica do poder xudicial, e a posibilidade de que, como se establecía nos estatutos, puidesen os tribunais superiores de xustiza ter competencias casacionais ou de revisión verbo da normativa (civil ou administrativa) propia da Comunidade Autónoma.

A devandita polémica pode considerarse como superada, á marxe do seu interese teórico ou histórico, unha vez promulgadas a Lei orgánica do poder xudicial e a Lei de planta e demarcación, e dictadas as sentencias número 56 e 92, do ano 1990, do Tribunal Constitucional, resolvendo recursos interpostos polos órganos de goberno e lexislativos dalgunhas comunidades autónomas (Cataluña, País Vasco, Galicia e Aragón) contra diversos preceptos das ditas leis. Por iso, nas liñas que seguen, a problemática das competencias xurisdiccionais dos tribunais superiores de xustiza e o seu vínculo co ordenamento propio das diversas comunidades, farase dende a perspectiva unificadora levada a cabo pola Lei orgánica do poder xudicial e pola Lei de planta e demarcación.

2º) Orde xurisdiccional civil. A regulación de competencias deste eido atinxe a un dobre ordenamento: o xeral do Estado e o propio da Comunidade.

No primeiro aspecto, a atribución de competencia á Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza faise a través do establecemento dun foro de carácter persoal de altos cargos da respectiva Comunidade (presidente e membros do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma e contra os membros da Asemblea Lexislativa) e procesos civís dirixidos contra maxistrados dunha Audiencia Provincial ou de calquera das súas seccións.

En ámbolos dous casos de aforamento é preciso que a demanda se basee nunha esixencia de responsabilidade civil por feitos realizados no exercicio dos seus cargos, non exis-

tindo, xa que logo, foro, nos casos nos que a demanda civil se fundamente noutros supostos de feito. Como requisitos específicos, é preciso, no caso dos altos cargos de órganos de goberno e legislativos da Comunidade Autónoma, que a competencia non lle corresponda, segundo os estatutos de autonomía, ó Tribunal Supremo e, no caso dos maxistrados, que a demanda se dirixa fronte a todos á maior parte dos compoñentes da Audiencia Provincial ou de calquera das súas seccións.

É verbo do ordenamento civil propio da Comunidade Autónoma onde se amosa o entrecruzamento do Tribunal Superior de Xustiza con aquela a través da materia procesual. O artigo 73.1 a) e b) da Lei orgánica do poder xudicial, establece que a Sala do Civil se ocupará dos recursos de casación que estableza a lei fronte a resolucións de órganos xurisdiccionais de orde civil con sede na Comunidade Autónoma, sempre que o recurso se basee na infracción de normas de dereito foral ou especial propio da Comunidade e cando o correspondente Estatuto teña previsto esta atribución; así mesmo, ocuparase do recurso extraordinario de revisión que estableza a lei, contra sentencias dictadas por órganos xurisdiccionais de orde civil con sede na Comunidade Autónoma, en materia de dereito civil, foral ou especial propio daquela, se o correspondente Estatuto de autonomía tiña prevista esta atribución.

Os requisitos para que un recurso de casación lle sexa atribuído ó Tribunal Superior de Xustiza son os seguintes:

- a) Que a resolución recorrida fose dictada por un órgano xurisdiccional de orde civil con sede na Comunidade Autónoma correspondente ó Tribunal Superior de Xustiza do que se trate.
- b) Que o recurso se funde en infracción de normas de dereito civil, foral ou especial propio da Comunidade Autónoma.
- c) Que tal atribución de competencia apareza prevista no correspondente Estatuto de autonomía.

Polo que respecta ó segundo dos requisitos, formulábase o problema ante o dito polo artigo 73.1 a) da Lei orgánica do poder xudicial, de cal sería o órgano que debía coñecerlo recurso de casación, Tribunal Superior de Xustiza ou Tribunal Supremo, naqueles supostos nos que a impugnación se fundase conxuntamente na infracción de normas civís

comúns e especiais, suposto que será moi corrente. A cuestión foi resolta por quen tiña posibilidades de facelo, o lexislador, xa que no artigo 54.1 a) da Lei de planta e demarcación estende a estes casos a competencia dos tribunais superiores de xustiza para ocuparse de tales recursos, fornecéndoos de *vis atractiva*.

Pola contra, cando se estea a invocar conxuntamente a infracción dun precepto constitucional e dunha norma de dereito civil foral ou especial, a competencia, de acordo co artigo 54.1 f), en perfecta congruencia co 5.4 da Lei orgánica do poder xudicial, correspóndelle ó Tribunal Supremo. No artigo 54.1 f) da Lei de planta e demarcación prevese un mecanismo corrector para evitar que se poida burla-la competencia do Tribunal Superior de Xustiza mediante a simple alegación de infracción de precepto constitucional, xa que se o Tribunal Supremo, na decisión do recurso, estimase que non concorre a infracción do precepto constitucional invocado, se ademais o recurso se fundase en infracción de normas de dereito civil foral ou especial, remitirá as actuacións ó Tribunal Superior de Xustiza que corresponda, no prazo de quince días, con emprazamento das partes por un prazo de dez.

Como reconece expresamente o propio presidente do noso Tribunal Superior, Vázquez Sande, “a casación civil é case puramente nominal na práctica totalidade dos tribunais superiores de xustiza, aínda naqueles correspondentes á Comunidade Autónoma con dereito especial, e isto é así porque en calquera caso a competencia que lle é atribuída ten escasas institucións con vida real ó permanecer ancoradas nun pasado non actualizado. As súas posibilidades de permanencia viva só poden virlle por dous camiños: o de actualiza-la concepción do dereito civil especial e o de re-visa-las competencias actualmente atribuídas para amplialas. O norte destas dúas direccións –conclúe– estaría na delimitación dunha área de vida rexida dunha parte por unha clase de normas, as especiais, e doutra polas comúns, sen sobrepasar límites de competencias doutro tribunal como é o Supremo”.

Polo que atinxe á competencia dos tribunais superiores de xustiza para ocuparse de recursos de revisión na orde civil, a regulación da Lei orgánica do poder xudicial é un exemplo, un mal exemplo, de cómo a compracencia política e a aceptación sen beneficio de inventario dos voluntarismos

autónomos, chocan de fronte cos máis elementais criterios da doutrina procesual. O erro do lexislador radica en vincula-lo ordenamento civil propio da Comunidade Autónoma co xuízo de revisión no que se aplican soamente normas de carácter estatal. Con todo, nada impide tal atribución por razóns de política procesual.

Na Lei de planta e demarcación o lexislador corrixe o que Moreno Catena cualifica de “disparate procesual”, e no artigo 54.2 prescínlese de calquera referencia ó dereito civil propio da Comunidade Autónoma, manténdose como requisito único que a sentenza firme impugnada en revisión fose dictada por un órgano xudicial con sede no territorio da Comunidade.

3º) Orde xurisdiccional penal. Dado que o ordenamento penal é competencia exclusiva do Estado, ó abeiro do artigo 149-1. 6º da Constitución, a relación entre ordenamento penal e Tribunal Superior de Xustiza non pode atoparse nunha lexislación penal específica da Comunidade Autónoma para a creación da cal non ten competencias e vén dada, como no caso do ordenamento civil común, a través de mecanismos de aforamento.

Nos 17 estatutos de autonomía régúlase, á marxe do privilexio de inviolabilidade polos votos e opinións feitos co gallo do exercicio da súa función, a “inmunidade relativa” dos membros das asembleas lexislativas, vinculada coa non detención nin retención do parlamentario, salvo caso de flagrante delicto, e un específico aforamento verbo da inculcación, prisión, procesamento e xuízo, que lle corresponderá ó Tribunal Superior de Xustiza cando os feitos delictuosos sexan realizados dentro do territorio da Comunidade Autónoma, en tanto que para os realizados fóra a competencia se residencia no Tribunal Supremo (Así, *ad exemplum*, o artigo 11.3 do noso Estatuto). Polo que respecta ó presidente e membros do Goberno autónomo en Galicia, rexe o mesmo sistema de inmunidade relativa empregado para os parlamentarios (artigo 18 do Estatuto).

Verbo da competencia penal dos tribunais superiores de xustiza, hai que seguir cuestionándose a dúbida sobre o mantemento na organización xudicial española da Audiencia Nacional, potenciada aínda máis pola vixente Lei orgánica do poder xudicial. O certo é que a pesar da autorizada voz de catedráticos de dereito procesual, como Moreno Catena

e Gimeno Sendra, e da opinión de colectivos xudiciais, o devandito órgano parece que tomou carta de natureza na nosa organización xudicial e moito máis despois da sentenza do Tribunal Constitucional do 29 de marzo de 1990.

Os reparos veñen por tres vías:

- a) O que supón –como di Moreno Catena– de conculcación o dereito ó xuíz ordinario predeterminado pola lei.
- b) A súa non necesariedade, xa que nin as razóns políticas que se esgrimiron para o seu mantemento (conveniencia de que certos delitos, os de terrorismo, non fosen xulgados ante órganos xudiciais radicados no territorio dos feitos), xustifica a permanencia dun órgano que sempre se amosou tinguido dunha aparencia de excepcionalidade.
- c) A súa oposición ó mandado do artigo 152 da Constitución, de que as sucesivas instancias procesuais se esgoten ante órganos xudiciais radicados na Comunidade, mandado que, na miña opinión, e malia coñecer as opinións contrarias e a doutrina do Tribunal Constitucional na Sentencia núm. 56/90, esixe, por se-lo máis axeitado a unha concepción autonomista da xustiza, que a primeira instancia en tódolos procesos teña lugar ante órganos xudiciais radicados no lugar no que se producen os feitos obxecto de axuízamento.

4º) Orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

É evidente que o maior volume normativo dos órganos de poder das comunidades autónomas estará vinculado á materia administrativa, derivada das competencias exclusivas ou das compartidas co Estado. Moito máis, por suposto, que na orde civil, en razón dos cambios producidos na organización económico-social e do crecente intervencionismo da Administración.

Por outra banda, é indubidable que, verbo dese sector do ordenamento, o administrativo, non hai ningunha razón que xustifique o acceso ó Tribunal Supremo a través do recurso de casación, xa que a finalidade perseguida por este, –uniformidade na interpretación e aplicación das normas xurídicas–, non existe en canto a normativa autonómica, que constitúe un todo pechado propio de cada Comunidade e estraño ás outras. Amósase moito máis conveniente que ese labor interpretativo e unificador se lle confira ó órgano xudicial superior da Comunidade respectiva.

Nos tres estatutos das comunidades históricas establécese que a competencia dos órganos xudiciais radicados na Comunidade se estende na orde contencioso-administrativa a tódalas instancias e graos, cando se trate de actos dictados en materias, a lexislación exclusiva das cales lle corresponda (*vid.* art. 14.1 do Estatuto vasco, 20.1 c) do Estatuto de Cataluña e 22.1 c) do galego).

Por último, os mesmos reparos que se facían acerca do mantemento da Sala do Penal da Audiencia Nacional débense seguir facendo verbo da Sala do Contencioso Administrativo do devandito órgano xudicial.

5º) **Orde xurisdiccional social.** Ó non existir no eido laboral, do mesmo xeito que no penal, un campo de competencias exclusivo reservado ós poderes lexislativos da Comunidade Autónoma, xa que non hai neste sector do ordenamento unha especialidade propia daquela, non existen tampouco unhas necesidades de unificación interpretativa que xustifiquen a atribución ó Tribunal Superior de Xustiza dunha competencia xurisdiccional a través das técnicas da casación ou da revisión. Por iso, en tódolos estatutos de autonomía, ó referirse á competencia dos órganos xurisdiccionais radicados na Comunidade Autónoma e polo que atinxe á orde social, ficaba circunscrita a tódalas instancias e graos, agás dos posibles recursos de casación e revisión (*vid. ad exemplum*, o artigo 22 b) do noso Estatuto, concordante co 14.1b) do vasco e o 22.1b) do catalán).

A creación da Sala do Social dos tribunais superiores de xustiza e as competencias xurisdiccionais que se lles atribúen é unha das modificacións máis sobranceiras na orde social, consecuencia da supresión do Tribunal Central de Traballo, que era o órgano competente para o coñecemento e resolución dos recursos de suplicación na orde laboral, o ámbito de exercicio da xurisdicción do cal se estendía a todo o territorio nacional. Na Lei de bases de procedemento laboral refírese o lexislador a estas salas como órganos ós que se lles atribúe o coñecemento dos recursos de suplicación, cunha ordenación tal que fica asegurada a unificación da xurisprudencia “que o respecto ós principios de unidade xurisdiccional e de igualdade na aplicación da lei esixen”. Na opinión dun importante sector doutrinal, os verdadeiros efectos que, presumiblemente, se derivarían da creación de vinteúnha salas de suplicación, non parece que poidan supoñe-lo cumprimento desa vontade de unificación de xu-

risprudencia, problema que non se tivo agachado do lexislador e que se pretende salvar mediante o establecemento dun recurso de casación para unificación de doutrina (base 35 da Lei de bases de procedemento laboral e artigo 215 e ss. do texto articulado).

As competencias atribuídas á Sala do Social dos tribunais superiores de xustiza, volve a pór sobre a mesa a necesidade ou conveniencia de mante-la Audiencia Nacional. As competencias que se lle atribúen á Sala do Social daquel órgano xurisdiccional (artigo 67 da Lei orgánica do poder xudicial e artigo 8º do Texto articulado da Lei de procedemento laboral) son, no plano material, as mesmas que se lle atribúen á Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza, vindo determinada a competencia da Audiencia Nacional pola extensión dos efectos da relación substantiva ou do conflito obxecto de proceso. Nada impide que, a través dunha axei-tada funcionalización de foro territorial ou do persoal, a controversia siga fixada no Tribunal Superior de Xustiza, o que sería congruente co principio constitucional de esgotamento das instancias (tamén a primeira) ante órganos xudiciais situados no territorio da respectiva Comunidade.

A xeito de conclusións

Cada día é máis evidente que a operación de xulgar, o exercicio da postestade xurisdiccional, non é unha elaboración siloxística, unha actividade esotérica á marxe da realidade social, senón que se exerce nun determinado lugar e tempo e nunhas condicións socioculturais concretas. O xuíz non é un ser anxélico pechado na súa torre de marfil, senón que debe saír á rúa e respira-lo ar da sociedade civil.

A configuración do Estado das autonomías non é, non pode valorarse como unha concesión graciosa do poder central e é máis ben a resposta, no plano institucional, a unha realidade anterior. As comunidades autónomas son o resultado dun proceso histórico, a expresión política duns sinais de identidade social, cultural e económica, que poidan ter sido escurecidas ou aldraxadas durante moito tempo, pero que son unha realidade vivente arestora. Sinais de identidade que se amosan máis visibles naquelas comunidades que –como Galicia– tiveron no pasado unha autonomía po-

lítica cinguida a diferencias máis marcadas no plano cultural, en particular por ser titulares dunha lingua ou dun dereito propio.

Se os tribunais superiores de xustiza constitúen, por así dicilo, a modulación autonómica da Administración de xustiza, non poden ficar alleos na súa configuración e funcionamento á realidade sociocultural da Comunidade Autónoma na que teñen a súa sede. O seu entrelazamento virá dado, non tanto polo respecto a unhas normas xurídicas, que son moi escasas, como pola esixencia dun autocompromiso dos seus maxistrados verbo da sociedade civil na que deben exercer-las súas funcións xurisdiccionais e de goberno.

Non é este o momento de entrar nun exame polo miúdo do que supón o tema das linguas autóctonas nos ámbitos culturais, históricos e políticos. Si é necesario dicir, en troques, que a lingua propia, compoñente esencial de toda identidade cultural, ten sido instrumento de resistencia para mante-los sinais de identidade dalgúns pobos como o noso e constitúe un problema de importancia política o feito de incidir dun xeito sobranceiro sobre os dereitos de liberdade dos individuos e a necesaria seguridade xurídica. Pero a lingua é, así mesmo, un elemento esencial das relacións sociais e xurídicas, e mecanismo de comunicación dos poderes públicos e cidadáns, aspecto máis que salienta no eido da administración de xustiza, no que a incomunicación e o esoterismo que a caracterizaban non debe ser aumentado a través dos atrancos idiomáticos.

O emprego das linguas propias dunha Comunidade na administración de xustiza está regulamentado, ó meu entender, dun xeito satisfactorio, no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, que regula o seu emprego tanto polos traballadores da xustiza como polos cidadáns nas súas relacións co aparato xudicial. O artigo devandito entendo que mestura con acerto os valores de liberdade e seguridade xurídica e será, en definitiva, a sensibilidade de xuíces e demais funcionarios xudiciais a que sirva para defende-la lingua da Comunidade.

Verbo dos tribunais superiores de xustiza e á marxe da obrigada aplicación do artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial, atopamos unha especificación do vínculo lingua propia-administración de xustiza, referida ó nomeamento do presidente de órganos xudiciais. O artigo 241 da dita Lei establece no seu inciso primeiro que para a provisión das

prazas de presidente dos tribunais superiores de xustiza (tamén para os de Audiencia) naquelas comunidades que gocen de dereito civil especial ou foral, o Consello Xeral do Poder Xudicial valorará como mérito o coñecemento da lingua propia da Comunidade, e o inciso segundo sinala que regulamentariamente se determinarán os criterios de valoración sobre o coñecemento do idioma.

Unha referencia totalmente racional que non supón un dominio total do idioma nin a condición de falante do mesmo, senón a constancia normativa dunha esixible sensibilidade para unha parcela fundamental da cultura dunha Comunidade Autónoma, máis necesaria en quen, polo cargo que ocupa, ten que desenvolver un labor de vínculo coas institucións públicas e coa sociedade civil. É, sen embargo, unha mágoa que esa necesaria sensibilización non amose ser compartida polo Consello Xeral do Poder Xudicial, xa que a obriga de fixar regulamentariamente os criterios de valoración do mérito do coñecemento do idioma, mérito que non ten carácter de preferencia absoluta, aínda non foi cumprida. Hai que sinalar que a preferencia da Lei orgánica do poder xudicial se repite no artigo 32.5 da Lei de planta e demarcación.

Por conseguinte, a previsión do noso Estatuto contida no artigo 25, verbo desta materia, ten plena vixencia e significa unha esixencia política de que no Consello Xeral do Poder Xudicial, en relación con xuíces e maxistrados, e no Ministerio de Xustiza, verbo do resto do persoal ó servizo da administración de xustiza, ten cumprimento o que dispón o inciso segundo do artigo 341 da Lei orgánica do poder xudicial.

O ordenamento xurídico propio dunha Comunidade Autónoma actuaba como instrumento para a limitación das competencias xurisdiccionais dos tribunais superiores de xustiza, cuestión que foi obxecto de anteriores estudos. Pero ese ordenamento xurídico, sobre todo no eido civil, amosa en determinadas comunidades –como é o caso de Galicia– unha evidente especificidade e unhas sensibles diferencias co dereito común, polo que parece racional que o seu coñecemento lles sexa esixible a aquelas que teñan que aplicalo; coñecemento que constitúe unha manifestación máis de como está imbricado o xuíz na sociedade. De aí a esixencia do coñecemento da nosa lingua que se establece ó abeiro do artigo 25 do Estatuto.

Dado que o devandito artigo 25 fala de “dereito galego”, termo máis amplo que o de “dereito foral” ou “dereito civil especial” que se emprega noutros estatutos autonómicos, cabe preguntarse se a tal expresión “dereito galego” abrangue tamén o ordenamento administrativo propio nas materias de competencia exclusiva. O Tribunal Constitucional, na súa Sentencia do 29 de marzo de 1990, fixou os seguintes criterios interpretativos verbo desta cuestión:

a) A expresión “dereito galego” contida no artigo 25 do Estatuto de Galicia atinxe a toda a produción normativa que no exercicio das súas competencias dicten os órganos autonómicos, isto é, o dereito civil especial ou foral da dita Comunidade e as normas de dereito público que dicten nas materias sobre as que teñan asumido competencias normativas.

b) Os tribunais superiores de xustiza son, ademais dun conxunto de órganos xurisdiccionais, un elemento descentralizado a través da súa Sala de Goberno, da xestión, organización e goberno da administración de xustiza dentro do ámbito territorial da respectiva Comunidade, e é por medio desa Sala de Goberno como se poden establecer unhas mellores canles de comunicación coa sociedade civil, como se pode propugnar un maior pulo da vida social, contribuír a unha diminución da separación entre a xustiza e os cidadáns e fortalece-las relacións coas institucións públicas e privadas.

Cando se debateu a primeira lei orgánica do Consello Xeral do Poder Xudicial, formulóuseme a cuestión de se este debía ser un órgano único ou podían admitirse consellos ou delegacións territoriais. Malia a posición favorable dun sector doutrinal, as emendas presentadas no dito sentido descentralizador foron rexeitadas, e o actual artigo 128 da Lei orgánica do poder xudicial non menciona, entre os órganos nos que se articulou o Consello Xeral do Poder Xudicial, as delegacións ou consellos territoriais.

Ningún impedimento constitucional existía para que eses consellos ou delegacións territoriais puidesen establecerse na Lei orgánica do poder xudicial, dando entrada neles á representación das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, sen prexuízo de que a Presidencia lle fose atribuída ó presidente do Tribunal Superior de Xustiza.

Non se fixo así e o xacobinismo continuou imperando no eido da administración de xustiza. As salas de goberno

continúan a ser órganos con moi pouca capacidade de xestión do servizo público da xustiza, cunha dependencia excesiva, incluso en cuestións de moi pequena transcendencia, do Ministerio de Xustiza, o que está a provocar sensibles disfuncións. 